

CIRCULAR INFORMATIVA DA SECRETARÍA XERAL E DA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, DEPORTE E CULTURA SOBRE A REPERCUSIÓN DA STS DO 21 DE MAIO DE 2013 NA REGULACIÓN DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

PRIMEIRO.- O BOE nº 154, do 28 de xuño de 2013, ven de publicar o fallo da STS de 21 de maio do 2013, polo que se anula o Real Decreto 1707/2011, do 18 de novembro, regulador das prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE nº 297, do 10 de decembro de 2011), e se ordena, literalmente, *“la retroacción de actuaciones para que el texto definitivo del citado Real Decreto sea remitido al Consejo de Estado para que la Comisión Permanente del Alto Organo consultivo del Gobierno se pronuncie sobre la disposición adicional primera del Real Decreto citado”*.

Esta disposición adicional primeira continúa a seguinte exclusión do ámbito de aplicación da obriga de cotización á seguridade social destas prácticas: *“Los mecanismos de inclusión en la Seguridad Social contemplados en Real Decreto 1493/2011 de 24 de octubre, por el que se regulan los términos y las condiciones de inclusión en el Régimen General de la Seguridad Social de las personas que participen en programas de formación, en desarrollo de lo previsto en la disposición adicional tercera de la Ley 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación y modernización del sistema de la Seguridad Social, no serán de aplicación a los estudiantes universitarios que realicen las prácticas académicas externas a que se refiere este real decreto”*.

Porén, para o Tribunal Supremo, o feito de que esta disposición adicional se introducíse no proxecto de Real Decreto cando este xa pasara o informe preceptivo do Consello de Estado, determina a existencia dun vicio formal de nulidade, que leva á anulación do conxunto do Real Decreto 1707/2011, e a retroacción de actuacións para que se someta a tal informe a disposición adicional primeira.

SEGUNDO.- A máis que discutible técnica xurídica empregada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo no seu pronunciamento crea un escenario de inseguridade xurídica na xestión das prácticas académicas externas. Escenario cuxa duración, ademáis, se descoñece, pois o Alto Tribunal non lle dá un prazo ao Goberno para remitir o texto definitivo do Real Decreto ao Consello de Estado.

Por iso, cumpre esclarecer para que todos os operadores xurídicos (coordinadores de prácticas, empresas) podan ter, na medida do posible, unhas pautas claras sobre a

tramitación dos convenios de prácticas, mentres se agarda o pronunciamento do Consello de Estado sobre a disposición adicional primeira do Real Decreto, na que se contiña a exclusión do ámbito da seguridade social destas prácticas.

TERCEIRO.- Mentres o goberno non execute o mandato do fallo da STS do 21 de maio do 2013, os criterios xurídicos de actuación serán os seguintes:

1. Manterá o seu vigor o Regulamento de prácticas aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 23 de abril do 2013, como norma interna de rango regulamentario ditada ao abeiro da potestade normativa inherente á autonomía universitaria.
2. Teranse por non postas as referencias ao Real Decreto 1707/2011, mais os contidos sustantivos deste aos que se remita o Regulamento de Prácticas manterán o seu vigor como normativa interna da Universidade da Coruña, agás o previsto no artigo 18.3 do Regulamento de Prácticas (exención de cotización á seguridade social).
3. Igual criterio se aplicará nos convenios tipo actualmente disponibles, que serán adaptados para maior seguridade xurídica.
4. A partir do 29 de xuño do 2013, en materia de cotización das prácticas académicas á seguridade social, será de aplicación o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, e demais normativa que sexa de preceptiva aplicación.

De conformidade con este Real Decreto, pasan a ser asimilados aos traballadores por conta allea, xerando a obriga de alta na seguridade social, os estudantes da UDC en prácticas **que reúnan ambos os seguintes requisitos:**

- Participación en programas de formación financiados por entidades ou organismos públicos ou privados que, vinculados a estudos universitarios ou de formación profesional, non teñan carácter exclusivamente lectivo, senón que inclúan a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades.
- E comporten unha contraprestación económica para os afectados, calquera que sexa o concepto ou a forma en que se perciba, sempre que a realización deses

programas non dea lugar a unha relación laboral que determine a súa alta no respectivo réxime da Seguridade Social.

O Regulamento de Prácticas establece que **os pagamento aos estudantes en prácticas son optativos para as empresas ou institucións colaboradoras (art. 18)**, tendo o carácter de axuda ao estudo. Porén, caso de a empresa ou institución optar por facer ese pagamento, terá entón a obriga de dar alta na seguridade social ao estudante e cotizar por el.

A cotización á Seguridade Social por contingencias comúns e profesionais, así como o seu ingreso, levarase a cabo por parte das empresas colaboradoras aplicando as regras de cotización correspondentes aos contratos para a formación e a aprendizaxe establecidas na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, non existindo, sen embargo, obriga de cotizar pola contingencia de desemprego, así como tampouco ao Fondo de Garantía Salarial nin por formación profesional. O ingreso das cotas realizarase mediante un código de conta de cotización específico.


Ordénase a publicación da presente Circular na web da Universidade da Coruña, aos efectos previstos no artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Coruña, 2 de xullo de 2013.



O SECRETARIO XERAL

Carlos Amoedo Souto



A VICERREITORA DE ESTUDANTES

María José Martínez López